

## **Probas de acceso 2025/2026**

---

## **Criterios de avaliación (todos o tribunais)** **2025/2026**



## **Tribunais que desenvolven as probas no Conservatorio Superior de A Coruña**

### **ARPA E ACORDEÓN**

#### **Parte A**

Interpretación dun programa de ata trinta minutos, integrado por obras e/ou estudos dunha dificultade adecuada ao nivel de acceso a estes estudos. O tribunal elixirá, de entre as obras presentadas polo/a aspirante, o repertorio que deberá interpretar.

Ao final deste documento, preséntase unha lista orientábel de repertorio para facilitar a elaboración dun programa axeitado ao nivel da proba.

#### **Criterios de avaliación:**

- Elaboración do programa (10%)  
*Programa equilibrado con obras de estilos contrastantes representativas da diversidade de estilos que abarca o repertorio do instrumento e dunha dificultade axeitada ao nivel da proba.*
- Control técnico do instrumento e calidade do son. (30%)  
*Utilización dunha técnica axeitada ás pezas e estilos presentados, adecuación dos dixitados ao discurso musical, control das posibilidades sonoras do instrumento e limpeza.*
- Respecto do texto musical. (30%)  
*Correcta comprensión e interpretación das indicacións musicais*
- Expresividade. (30%)  
*Calidade artística da interpretación, actitude axeitada e calidade comunicativa no escenario, interpretación de memoria.*

#### **Parte B**

Análise dunha obra ou fragmento musical a proposta do tribunal.

#### **Criterios de avaliación**

- Amosar coñecemento sobre a evolución da música occidental  
*Capacidade para establecer o estilo da obra, así como o seu contexto histórico*
- Evidenciar dominio sobre as formas musicais e procedementos de desenvolvemento motivico  
*Destreza para identificar a forma da obra, o seu fraseo e a evolución dos diferentes motivos que a compoñen.*
- Facer patente a facultade de identificar os procedementos harmónicos  
*Habilidade para sinalar as diferentes tonalidades, as funcións harmónicas, relacións tonais, cadencias, procesos modulantes e imitativos e notas de adorno.*



## **PARTE C**

Lectura a vista dun fragmento proposto polo tribunal con 5 minutos de preparación sen instrumento.

### **Criterios de avaliación:**

- Amosar unha lectura fluída. (50%)  
*Mantemento do ritmo e da velocidade aproximada indicada na obra, evitar pausas que non estean indicadas,...*
- Respetar o texto musical. (30%)  
*Atención ao estilo musical, aos matices, á forma do fragmento, ...*
- Amosar capacidade de corrección no caso de cometer algún erro. (20%)

### **Detalles prácticos:**

O/A aspirante deberá facer chegar ao tribunal unha copia das obras que vaia interpretar. O/A aspirante poderá elixir unha das seguintes opcións:

- No mesmo momento da proba, entregar para cada membro do tribunal unha copia en papel das partituras do repertorio que presenta, xunto coa relación das obras con indicación da duración aproximada das obras e a orde que ten previsto seguir durante a interpretación.
- Enviar cun mínimo de 24 horas de antelación, mediante correo electrónico, as partituras en PDF xunto coa relación de obras con indicación da duración aproximada das obras e a orde que ten previsto seguir durante a interpretación ao enderezo electrónico seguinte: [norbertompt@edu.xunta.gal](mailto:norbertompt@edu.xunta.gal)

Facilitamos a modo de orientación unha guía de autores e algunhas das súas obras coas que se pretende amosar o estilo e nivel interpretativo a valorar durante a proba. Ningunha delas ten carácter obrigatorio e pódese presentar un programa con autores e obras diferentes das aquí relacionadas.

## **ARPA**

### **Estudos:**

Bach-Grandjany: Un estudo

Bochsa: Cinquante Études, Op. 34, 1º Cuaderno

Dizi: Un estudo

Hasselmans: La Source, Op.44

Zabel: Un estudo

### **Barroco y clásico:**

Bach: Preludios.

Dussek: Sonata en Do menor

Haëndel: Concerto para arpa en Sib mayor, Op. 4, nº 6, Tema e Variacións

Naderman: Sete Sonatinas Progresivas

Parry: Sonatas

Scarlatti: Unha sonata

### **Romántico:**



Glinka: Variacións sobre un tema de Mozart, Nocturno

Hasselmans: Gitana

Thomas: The Minstrels Adieu

**Impresionista:**

Debussy: 1ª Arabesque, Preludios, ... Ibert: Ballade.

Piarné: Impromptu Caprice

Tournier: Extractos de Images, Au Matin, Féerie ...

**Outros:**

Golestan: Ballade Roumaine

Guridi: Viejo Zortzico

Rota: Sarabande et Toccata

Respighi: Sicilienne

Glère: Impromptu

**Contemporáneo:**

Holliger: Sequenzen über Johannes I,32

Petit: Bleu Nuit

Salzedo: Chanson dans la nuit

Taira: Sublimation

## ACORDEÓN

**Transcripciones de obras para clave ou pianoforte:**

J. S. Bach: Preludio e Fuga do clave ben temperado.

A. Soler: Sonatas

J. Haydn: Sonatas

D. Scarlatti: Sonatas

M. Blaco de Nebra: Sonatas

C. Seixas: Sonatas

**Repertorio orixinal**

A. Volpi: Concertino in Re minore E. Cambieri: Trittico Polifónico

V. Solotarjov: Sonata no 2

V. Semionov: Bulgarian Suite

A. Astier: Divertimento

H. Herrmann: Sieben neue Spielmusiken J. Feld: Suite

F. Dobler: Musik 1982

J. F. Gurbindo: Fantasía para acordeón T. Lundquist: Botany Play.

N. V. Bentzon: In the Zoo

A. Nordheim: Flashing



## **Tribunais que desenvolven as probas no Conservatorio Superior de A Coruña**

### **COMPOSICIÓN**

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO**

##### **Parte A: realización dun traballo harmónico-contrapuntístico**

- Correcto tratamento da condución e tesitura das voces no enlace de acordes a catro voces.
- Organización tonal coherente do exercicio proposto.
- Uso apropiado de recursos tales como harmonía alterada, modulación (diatónica e cromática), dominantes secundarias, acordes de sétima, resolucións irregulares, notas estrañas (notas de paso, retardos, apoiaturas ...).
- Emprego axeitado de recursos imitativos e secuencias.

##### **Parte B: presentación e defensa oral de obras e traballos realizados polo/a candidato/a.**

- Claridade na exposición das obras e traballos presentados así como adecuación da defensa ao traballo correspondente.
- Coherencia da estrutura das obras presentadas.
- Uso sistemático e coherente da linguaxe harmónica empregada (modal, tonal, atonal...).
- Uso axeitado de texturas, dinámicas, articulacións e instrumentación.
- Tratamento lóxico do ritmo, do tempo e da métrica en relación aos demais parámetros da linguaxe musical desenvolvida.
- Calidade e coherencia dos diferentes elementos empregados.

##### **Parte C: interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), ata quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación presentada previamente polo/a candidato/a.**

- Calidade interpretativa e adecuación ao estilo da obra.
- Correcta interpretación do tempo, matices, articulacións e fraseo das obras propostas.
- Dificultade das obras presentadas.



## **Tribunais que desenvolven as probas no Conservatorio Superior de A Coruña**

### **CORDA I (violín e viola)**

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO**

O tribunal poderá escoitar a totalidade ou unha parte do repertorio presentado polo aspirante podendo interromper a interpretación cando o considere oportuno, así como escoller entre as obras que sexan presentadas polos aspirantes.

#### **PARTE A: Os criterios de avaliación divídense en dous apartados –Técnica instrumental e Interpretación-, e a súa desagregación é a seguinte:**

Apartado reservado á técnica instrumental:

- Control do ritmo e medida das figuras.
- Calidade do son.
- Distribución de arco.
- Precisión da afinación.
- Coordinación de ambas as mans.

Apartado reservado á interpretación:

- Control e riqueza das articulacións.
- Adecuación dos tempi, carácter e estilo das pezas.
- Grao de realización das dinámicas.
- Respecto ó texto da partitura e o estilo das obras.
- Valoración da dificultade do repertorio e da interpretación de memoria.

#### **PARTE C: Análise**

- Correcta identificación nunha obra ou fragmento do período tonal dos elementos máis básicos dos diferentes parámetros que forman unha obra, tales como: forma, fraseo, temas, motivos, procedementos de desenvolvemento motivico, acordes e procedementos harmónicos, tonalidades, funcións harmónicas e relacións tonais, cadencias, procesos modulantes e imitativos, notas de adorno, texturas, estilo e contexto histórico, recursos rítmicos, etc.

#### **PARTE C: Criterios de avaliación da parte de Lectura a primeira vista:**

- Corrección na medida, tempo e a lectura (notas, indicacións de fraseo e carácter).
- Precisión da afinación.
- Calidade do son.
- Grao de realización das dinámicas.
- Corrección na realización das articulacións.



## **Tribunais que desenvolven as probas no Conservatorio Superior de A Coruña**

### **CORDA II (violonchelo e contrabaixo)**

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO**

O tribunal poderá escoitar a totalidade ou unha parte do repertorio presentado polo aspirante podendo interromper a interpretación cando o considere oportuno, así como escoller entre as obras que sexan presentadas polos aspirantes.

#### **PARTE A: Os criterios de avaliación divídense en dous apartados –Técnica instrumental e Interpretación-, e a súa desagregación é a seguinte:**

Apartado reservado á técnica instrumental:

- Control do ritmo e medida das figuras.
- Calidade do son.
- Distribución de arco.
- Precisión da afinación.
- Coordinación de ambas as mans.

Apartado reservado á interpretación:

- Control e riqueza das articulacións.
- Adecuación dos tempi, carácter e estilo das pezas.
- Grao de realización das dinámicas.
- Respecto ó texto da partitura e o estilo das obras.
- Valoración da dificultade do repertorio e da interpretación de memoria.

#### **PARTE C: Análise**

- Correcta identificación nunha obra ou fragmento do período tonal dos elementos máis básicos dos diferentes parámetros que forman unha obra, tales como: forma, fraseo, temas, motivos, procedementos de desenvolvemento motivico, acordes e procedementos harmónicos, tonalidades, funcións harmónicas e relacións tonais, cadencias, procesos modulantes e imitativos, notas de adorno, texturas, estilo e contexto histórico, recursos rítmicos, etc.

#### **PARTE C: Criterios de avaliación da parte de Lectura a primeira vista:**

- Corrección na medida, tempo e a lectura (notas, indicacións de fraseo e carácter).
- Precisión da afinación.
- Calidade do son.
- Grao de realización das dinámicas.
- Corrección na realización das articulacións.



## **Tribunais que desenvolven as probas no Conservatorio Superior de A Coruña**

### **DIRECCIÓN**

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO**

**Parte A: na interpretación dun programa de ata vinte minutos, no instrumento principal ou voz (no caso do canto) integrado por obras dunha dificultade adecuada ao nivel de acceso a estes estudos. (20%)**

- Calidade na interpretación
- Fraseo, tempos, matices, articulacións
- Adecuación da interpretación ao estilo da obra
- Dificultade das obras presentadas

**Parte B: na análise dunha obra orquestral ou coral por proposta do tribunal. (30%)**

- Formal: Recoñecemento da forma e función estrutural dos elementos que a integran
- Harmónico: Elementos de maior significación que interveñen para a confirmación da tonalidade, procesos modulatorios e cadenciais
- Rítmico: motivos rítmicos significativos, elementos de tensión e relaxación que orixinen valor direccional
- Melódico: fraseo e indicación de continuidade, unión e diálogo en liñas melódicas.

**Parte C: na lectura á vista no piano dun fragmento musical escollido polo/a aspirante de entre dous propostos polo tribunal. (20%)**

- Desenvolvemento na lectura á vista no piano, respectando o tempo, matiz e ritmo.

**Parte D: realización dun ditado a catro voces, de entre oito e doce compases de duración. (30%)**

- Recoñecemento auditivo de distintas voces simultáneas e contrapuntísticas,
- Transcrición da intervállica melódica e rítmica así como da tonalidade e modalidade



## **Tribunais que desenvolven as probas no Conservatorio Superior de A Coruña**

### **JAZZ**

#### **PARTE A (40% da nota final da proba específica)**

##### **FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

Interpretación dun programa de ate trinta minutos, integrado por obras do repertorio jazzístico. Será requisito indispensable que o aspirante improvise en cada una de elas.

##### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Técnica instrumental, tempo e son. (35%)
- Calidade interpretativa, construción dos solos e/ou acompañamento, fraseo e linguaxe. (50%)
- Posta en escena; claridade, resolución, liderazgo e/ou interacción. (15%)

#### **PARTE B (15% da nota final da proba específica)**

##### **FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

Análise dunha obra ou fragmento musical a proposta do tribunal, engadindo contidos propios da análise do jazz.

##### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Coherencia, xustificación e organización no uso das ferramentas analíticas. (20%)
- Coñecemento harmónico e nomenclatura dos grados das escalas e tonalidades, das funcións harmónicas, das relacións escala-acorde, dos cifrados e da simboloxía analítica propia do jazz. (80%)

#### **PARTE C (5% da nota final da proba específica)**

##### **FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

Lectura a vista e/ou improvisación sobre unha obra ou fragmento de jazz.

##### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Técnica instrumental, tempo e son. (40%)
- Calidade interpretativa e/ou improvisatoria e capacidade de resolución da obra ou fragmento proposto. (60%)

\* A parte A —interpretación e improvisación— soamente poderá ser desenvolvida co instrumento polo que se presenta cada aspirante ás probas de acceso.

\* As obras propostas para interpretar na parte A deberán ser cinco, de carácter variado, das cales o tribunal poderá reducir o número ou solicitar interpretacións fragmentarias das mesmas.

\* Recomendase que o aspirante realice a parte A acompañado dunha formación consonte o seu instrumento e ó repertorio a interpretar pero nunca acompañado por medios mecánicos.

\* Na parte A das probas, os instrumentos harmónicos deberán desenvolver algunha pasaxe de acompañamento, ademais da melodía e a improvisación.

\* É recomendable que —na parte A das probas— os baixistas e contrabaixistas interpreten a melodía ou pasaxes da mesma.

\* A parte B poderá desenvolverse mediante a análise dunha obra ou fragmento musical e/ou a resolución de cuestións plantexadas sobre relacións e funcións harmónicas básicas propias do estilo.

\* Para o desenvolvemento da parte C, o/a aspirante disporá dun tempo previo (2 min.) para facer unha lectura preliminar, á marxe do instrumento.

\* No fragmento proposto para a lectura específica para canto-jazz da parte C, a melodía a interpretar poderá conter letra e/ou sílabas-vocablos (*scat*) ou ser de libre interpretación fonética do/da aspirante.

\* Para o desenvolvemento da parte C, específica para canto-jazz, os/as aspirantes poderán tomar como referencia a nota A 440 Hz do piano ou un diapasón.



## Tribunais que desenvolven as probas no Conservatorio Superior de A Coruña

### PEDAGOXÍA

ORIENTACIÓNS SOBRE O CONTIDO E GRAO DE DIFICULTADE DA PROBA PARA O ACCESO A GRAO SUPERIOR DA ESPECIALIDADE DE PEDAGOXÍA, ITINERARIO DE PEDAGOXÍA XERAL E DA LINGUAXE MUSICAL

A proba constará de tres partes:

**Parte A:** Interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), ata quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación presentada, por escrito, previamente polo candidato. Esta relación de obras deberá incluír polo menos tres de dificultade media (nivel dos últimos cursos de grao profesional), pertencentes aos estilos máis representativos da literatura do instrumento, libremente elixidos polo candidato. No caso do canto, a relación constará dun mínimo de seis obras. Nos casos de obras de longa duración ou con varios movementos, o tribunal poderá decidir as partes que se interpretarán, debendo os aspirantes dominar as obras na súa totalidade.

O alumnado presentará ao tribunal, polo menos, dúas copias das obras que vai interpretar. A ponderación desta parte sobre o total da proba será do 20% do total da proba específica.

**Parte B:** Proba vocal individual. A proba vocal *a capella* será unha lección de entoación proposta polo tribunal; terá unha dificultade propia de 2º curso de ensinanza profesional de Linguaxe Musical, estará dentro dunha contorna tonal e non terá acompañamento pianístico.

O alumnado contará con cinco minutos para a súa preparación sen axuda de ningún instrumento, podendo dar a primeira nota ou o acorde da tonalidade no piano ou no seu instrumento principal.

A proba vocal *a capella* representará un 20% do total da proba específica.

**Parte C:** Composición dunha peza breve, de carácter didáctico, sobre unha melodía ou un texto proposto polo tribunal. O aspirante deberá realizar unha defensa didáctica da súa aplicación.

O tribunal proporá un texto ou unha melodía sobre o que os candidatos elaborarán unha composición breve cos elementos rítmicos, melódicos e harmónicos que consideren oportunos. Así mesmo, utilizarán a instrumentación que consideren máis adecuada.

O aspirante terá tres horas para a realización da composición e para o desenvolvemento escrito da proposta que explique como aplicaría esa composición nun contexto educativo. Esta parte da proba realizarase nunha aula con piano, á que se accederá sen outros obxectos persoais que os necesarios útiles de escritura, o instrumento musical escollido para a defensa (sen funda) e, opcionalmente, un reloxo analóxico (non están permitidos os móbiles nin os reloxos intelixentes). Finalizado ese tempo, deberá entregar en sobre pechado a partitura final escrita a bolígrafo, a proposta didáctica e os borradores.

Posteriormente, deberá interpretar ante o tribunal a composición cantando e á vez acompañándose opcionalmente co piano dispoñible na sala ou con calquera outro instrumento polifónico compatible co canto (guitarra, acordeón, arpa) que el ou ela proporcione. Este acompañamento poderá ser moito máis reducido que o que apareza na partitura, que tamén será valorada polo tribunal e que deberá conter polo menos unha melodía para canto e un acompañamento polifónico (por exemplo, para piano) plenamente desenvolvido, non exclusivamente cifrado. Despois lerá a proposta didáctica, que, ademais de situar o contexto e



sinalar os obxectivos da súa aplicación, poderá incluír exercicios preparatorios e actividades complementarias á composición.

Esta proba representará un 20% da proba específica.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO

### Parte A:

- Interpretación axustada ao estilo e á estética do período en que foi composta a obra.
- Interpretación correcta dende a linguaxe musical.
- Execución e técnica adecuadas.  
Adecuación da agónica, a dinámica e o fraseo.
- Coidado do son e dos distintos tipos de ataques.  
Afinación correcta.  
Expresividade e musicalidade manifestadas na interpretación da obra.

### Parte B:

- Afinación correcta.
- Interpretación axustada dende a linguaxe musical: ritmo, entoación, agónica, dinámica, forma, fraseo, expresividade, musicalidade...
- Impostación da voz. Resonancia.
- Realización correcta das respiracións.
- Interpretación fluída e axustada ao estilo.

### Parte C:

- Adecuación do ritmo e do compás ós acentos do texto.
- Correcta cuadratura das frases.
- Contorno melódico en relación ó texto.
- Contorno harmónico en relación ó texto.
- Tratamento da melodía acompañada.
- Forma elixida e a súa relación co texto.
- Emprego da agónica e a dinámica relacionándoa co significado do texto.
- Instrumentación que presenta: formación e o seu tratamento.
- Adecuación dos elementos musicais á idade aproximada á que pareza dirixirse o poema.
- Coherencia da defensa didáctica coa composición presentada.
- Corrección lingüística e claridade expositiva na defensa didáctica.



## Tribunais que desenvolven as probas no Conservatorio Superior de A Coruña

### PIANO

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO

##### Parte A

Interpretación dun programa de ata trinta minutos, integrado por obras e/ou estudos dunha dificultade adecuada ao nivel de acceso a estes estudos.

O tribunal valorará o nivel amosado polo aspirante en cada un dos seguintes apartados:

- **Control técnico do instrumento:** grado de solvencia na resolución dos principais problemas técnicos tales como escalas, arpexios, adornos, octavas, dobres notas, polifonía e dixitacións; seguridade na execución das obras.
- **Calidade do son:** aplicación dos diferentes tipos de ataque, uso dos pedais e gama dinámica.
- **Expresividade:** fidelidade ao texto nas indicacións de fraseo e expresión, capacidade expresiva e comunicativa.
- **Estilo:** correcta adecuación estilística do programa interpretado.

Cada un dos apartados ten unha ponderación do 25% da nota da parte A.

##### Parte C

Lectura a vista. O tribunal valorará o nivel amosado polo aspirante en cada un dos seguintes apartados:

- Lectura: fidelidade ao texto (40% da nota).
- Execución: solvencia técnica e seguridade (40% da nota).
- Interpretación: capacidade comunicativa e expresiva, correcta adecuación estilística (20% da nota).



## Tribunais que desenvolven as probas no Conservatorio Superior de A Coruña

### VENTO METAL (trompeta, trompa, trombón e tuba)

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO

**Parte A:** Interpretación dun programa de ata trinta minutos, integrado por obras e/o estudos dunha dificultade axeitada ao nivel de acceso a estes estudos.

Criterios de valoración parte A:

- Valoración do programa a interpretar: 20%
- Control técnico do instrumento: 20%
- Calidade do son: 20%
- Expresividade: 20%
- Estilo: 20%

#### Nota importante:

O/a aspirante entregará ao tribunal antes da realización da parte A, unha relación do programa a interpretar incluída a minutaxe de cada obra ou estudo. O/a aspirante presentará tres copias das obras ou estudos a interpretar. O tribunal poderá solicitar en calquera momento os orixinais das obras ou estudos.

**Parte B:** análise dunha obra ou fragmento musical a proposta do tribunal.

Criterios de valoración parte B:

Correcta identificación nunha obra ou fragmento do período tonal dos elementos máis básicos dos diferentes parámetros que forman unha obra, tales como: forma, fraseo, temas, motivos, procedementos de desenvolvemento motivico, acordes e procedementos harmónicos, tonalidades, funcións harmónicas e relacións tonais, cadencias, procesos modulantes e imitativos, notas de adorno, texturas, estilo e contexto histórico, recursos rítmicos, etc

**Parte C:** lectura a 1ª vista.

Criterios de valoración parte C:

- Control técnico do instrumento: 25%
- Calidade do son: 25%
- Expresividade: 25%
- Estilo: 25%



## Tribunais que desenvolven as probas no Conservatorio Superior de Vigo

### VENTO MADEIRA I (clarinete e saxofón)

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO

##### PARTE A

###### Criterio de avaliación 1:

Interpretar o programa presentado amosando o necesario control técnico do instrumento (aplicarase a cada unha das obras interpretadas na proba).

Indicadores de logro:

- Dificultade do repertorio presentado.
- Fidelidade ao texto musical: exactitude na execución das notas, ritmo, *tempi*, dinámicas, agóxicas, articulación, ornamentación e planos sonoros.
- Dominio do instrumento: control postural, calidade e proxección do son, afinación, control do timbre, da respiración e da emisión, e dominio das técnicas propias da música de vangarda (de ser o caso).

###### Criterio de avaliación 2:

Amosar na interpretación do programa presentado unha coherencia interpretativa acorde coa forma e a estética de cada obra (aplicarase a cada unha das obras interpretadas na proba).

Indicadores de logro:

- Fidelidade ao estilo segundo a tradición interpretativa: control da ornamentación, do rubato, das agóxicas e dinámicas, do fraseo e da articulación.
- Fidelidade aos aspectos interpretativos inherentes á forma e ao estilo musical.

###### Criterio de avaliación 3:

Demostrar capacidade expresiva e control escénico na interpretación do programa presentado (aplicarase a cada unha das obras interpretadas na proba).

Indicadores de logro:

- Adecuación do xesto á interpretación musical, posta en escea axeitada ao contexto artístico e estético da obra, coñecemento e respecto das convencións e tradicións da interpretación en público.
- Concentración ao longo da proba, xestión da ansiedade escénica e control da memoria (de ser o caso). Achega persoal na proposta interpretativa.

##### PARTE B

###### Criterio de avaliación:

Analizar a obra ou fragmento musical proposto.

Indicador de logro:

- Recoñecemento das características do xénero e do estilo, identificación da estrutura formal, análise dos diferentes parámetros (harmonías, ritmos, melodías, texturas, timbres e dinámicas) presentes no texto musical proposto polo tribunal.

##### PARTE C

###### Criterio de avaliación:

Interpretar o fragmento proposto polo tribunal amosando fidelidade ao texto musical e control na práctica da lectura á primeira vista.

Indicador de logro:

- Fidelidade ao texto musical: exactitude na execución das notas, ritmo, *tempi*, dinámicas, agóxicas, articulación, ornamentación e estilo do fragmento proposto. Adecuación da respiración ao fraseo musical.



## **Tribunais que desenvolven as probas no Conservatorio Superior de Vigo**

### **VENTO MADEIRA II (frauta, fagot e óboe)**

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO**

##### **PARTE A**

Interpretación dun programa de ata trinta minutos, integrado por obras e/ou estudos dunha dificultade adecuada ao nivel de acceso a estes estudos. O tribunal poderá escoitar a totalidade ou unha parte do repertorio presentado.

##### **Criterio de avaliación**

###### **1 A.- Control técnico (40%):**

- Control da técnica de respiración e dosificación do aire.
- Exactitude na execución de pasaxes
- Control da afinación
- Amplitude do rango da dinámica
- Calidade do son.

###### **2 A.- Adecuación ao texto. (40%)**

- Adecuación da execución ás diferentes indicacións reflexas nas partituras: alturas, métrica, agónica, dinámica e articulación.

###### **3 A.- Expresividade 20%**

- Contribución artística que, en coherencia coa partitura, propoña o aspirante na súa interpretación, así como a adecuación da interpretación ao estilo, época ou compositor debidamente informada.

•

##### **PARTE B**

Analisis da obra ou fragmento musical proposto.

##### **Criterio de avaliación**

1 B.- Correcta identificación, nunha obra ou fragmento tonal, dos elementos básicos que conforman unha obra, tales como: forma, fraseo, temas, motivos, procedementos de desenvolvemento motivico, acordes e procedementos harmónicos, tonalidades, funcións harmónicas e relacións tonais, cadencias, procesos modulantes e imitativos, notas de adorno, texturas, estilo e contexto histórico, recursos rítmicos, etc.

As respostas correctas sumarán 0,5 puntos, as incorrectas restarán 0,1 puntos e as preguntas en branco non puntuarán.

##### **PARTE C**

Interpretar a primeira vista un fragmento musical proposto polo tribunal.

##### **Criterio de avaliación**

1 C.- Exactitude na execución das alturas, métrica e articulación; adecuación ao tempo marcado ou ó carácter do fragmento. (60%)

2 C.- Expresividade: adecuación ás dinámicas, á agónicas, ó estilo do fragmento proposto e a contribución artística que, en coherencia coa partitura, propoña o aspirante. (40%)



## **Tribunais que desenvolven as probas no Conservatorio Superior de Vigo**

### **CANTO**

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO**

##### **PARTE A: INTERPRETACIÓN**

- Interpretación das obras que o tribunal elixa dunha relación presentada polo candidato ou candidata dun programa de ata 30 minutos con obras pertencentes a diferentes xéneros vocais (Oratorio, Lied, canción de concerto, Ópera e Zarzuela), diferentes estilos, representativos de diferentes autores e épocas dunha dificultade adecuada ao nivel de acceso aos estudos superiores de canto.
- O programa deberá conter un mínimo de tres idiomas estranxeiros entre os principais do repertorio lírico: italiano, alemán, inglés e francés.
- No momento da proba deberá entregarse ao tribunal unha relación escrita das obras, na orde na que se ten previsto interpretar e copia das partituras na mesma orde que se indica na lista.
- A interpretación do repertorio deberá facerse de memoria, agás o oratorio ou a cantata.
- Criterios de avaliación: ver anexo coa rúbrica de avaliación

##### **PARTE C: LECTURA Á VISTA**

- Interpretación “a capella” dunha obra breve ou fragmento proposto polo tribunal, cun tempo de preparación de 5 minutos, que se fará diante do tribunal.
- A partitura facilitada aos aspirantes permanecerá no atril do piano.
- Para a preparación, o/a aspirante poderá tocar no piano o acorde/arpexio e/ou tonalidade na que estea a peza, antes de empezar a preparala.
- Para facilitar a correcta afinación, xusto antes de interpretación da obra ou fragmento, o/a aspirante poderá tocar no piano o acorde da tonalidade.
- Criterios de avaliación: ver anexo coa rúbrica de avaliación



## **Tribunais que desenvolven as probas no Conservatorio Superior de Vigo**

### **GUIARRA**

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO**

##### **Proba A**

Interpretación amosando o necesario control técnico do instrumento. Aplicarase a cada unha das obras interpretadas na proba. (Ata 50 puntos)

Interpretación amosando un estilo interpretativo coherente e concordante coa forma e estética de cada obra. Aplicarase a cada unha das obras interpretadas na proba. (Ata 30 puntos)

Interpretación amosando as capacidades expresivas necesarias para a interpretación en público. Aplicarase a cada unha das obras interpretadas na proba. (Ata 20 puntos)

##### **Proba B**

Análise da obra ou fragmento musical proposto.

##### **Proba C**

Interpretación pública do fragmento proposto polo tribunal amosando o coñecemento e control da práctica da lectura á primeira vista.



## **Tribunais que desenvolven as probas no Conservatorio Superior de Vigo**

# **INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR DE GALICIA**

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO**

#### **Proba A**

- Interpretar o programa presentado amosando o necesario control técnico do instrumento: dificultade e dominio instrumental.
  - Dificultade do repertorio presentado.
  - Dominio instrumental: control postural, limpeza e claridade do son, timbre, afinación, compensación e empaste do punteiro e bordóns, dominio das técnicas propias da música de vangarda (de ser o caso).
  - Exactitude na execución das notas, ritmo tempo, control da dixitación (aberta/pechada), articulacións, ornamentacións.
- Empregar un estilo interpretativo coherente e concordante coa forma e estética de cada obra: capacidade de comunicación, orixinalidade e versatilidade.
  - Capacidade de comunicación a través da música: control do fraseo, dirección e articulación, da ornamentación, do rubato, das agónicas e dinámicas.
  - Orixinalidade e versatilidade: mostra de diferentes técnicas e estilos (dixitación aberta/pechada), música tradicional (de diferentes tradicións locais), música de autor e de nova creación. De ser o caso, no repertorio de conxunto, unificación de criterios musicais e artísticos entre os membros da agrupación. Afinación, empaste e control de volumes.
- Amosar as capacidades expresivas necesarias para a interpretación do programa presentado.
  - Adecuación do xesto á interpretación musical, posta en escea axeitada ao contexto artístico e estético da obra, coñecemento e respect das convencións e tradicións da interpretación en público.
  - Concentración ao longo da proba, control postural, xestión da ansiedade escénica e control da memoria (de ser o caso). Achega persoal ao enriquecemento da interpretación.

#### **Proba B**

- Análise da obra ou fragmento musical proposto.
  - Recoñecemento das características do xénero e do estilo, identificación da estrutura formal, análise dos diferentes parámetros (harmonías, ritmos, melodías, texturas, timbres e dinámicas) presentes no texto musical proposto polo tribunal.

#### **Proba C**

- Interpretación pública do fragmento proposto polo tribunal amosando o coñecemento e control da práctica da lectura á primeira vista.
  - Fidelidade ao texto musical: exactitude na execución das notas, ritmo, tempi, dinámicas, agónicas, articulación, ornamentación e estilo do fragmento proposto. Adecuación da respiración ao fraseo.



## **Tribunais que desenvolven as probas no Conservatorio Superior de Vigo**

### **TODOS OS ITINERARIOS DE MÚSICA ANTIGA**

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO**

##### **PARTE A**

Programa de concerto (40% da nota final). Criterios de avaliación

- A1. Interpretación do programa presentado amosando o necesario control técnico do instrumento. Aplicarase a cada unha das obras interpretadas na proba (Ata 50 puntos)
- A2. Interpretación pública do programa presentado amosando un estilo interpretativo coherente e concordante coa forma e estética de cada obra. Aplicarase a cada unha das obras interpretadas na proba (Ata 30 puntos)
- A3. Interpretación pública do programa presentado amosando as capacidades expresivas necesarias para a interpretación en público. Aplicarase a cada unha das obras interpretadas na proba (Ata 20 puntos)

Indicadores de logro

- A1.1 Dificultade do repertorio presentado. (Ata 10 puntos)
- A1.2. Fidelidade ao texto musical: exactitude na execución das notas, ritmo, tempi, dinámicas, agóxicas, articulación, ornamentación e planos sonoros. (Ata 15 puntos)
- A1.3. Dominio instrumental: control postural, limpeza e claridade e calidade do son, proxección do son, control do timbre, control nos ataques, e dominio das técnicas propias dos instrumentos de corda ou tecla (de ser o caso) (Ata 25 puntos)
- A2.1. Capacidade para deducir a información escrita e a non escrita na partitura referente a ritmo, tempi, dinámicas, agóxicas, articulación, fraseado, ornamentación e planos sonoros. (Ata 10 puntos)
- A2.2. Capacidade para aplicar ditos parámetros na interpretación, con fidelidade ao estilo segundo a tradición interpretativa historicamente informada (Ata 20 puntos)
- A2.3. Fidelidade áos aspectos interpretativos inherentes á forma e estética musical. (Ata 10 puntos)
- A3.1. Adecuación do xesto á interpretación musical, posta en escea axeitada ao contexto artístico e estético da obra, coñecemento e respecto das convencións e tradicións da interpretación en público (Ata 10 puntos)
- A3.2. Concentración ao longo da proba, control postural e da respiración, xestión da ansiedade escénica e control da memoria (de ser o caso). Achega persoal ao enriquecemento da interpretación (Ata 10 puntos)

##### **PARTE B**

Análise (15% da nota final). Criterios de avaliación

- B1. Análise da obra ou fragmento musical proposto amosando comprensión do estilo, estrutura e todos os parámetros compositivos restantes (Ata 10 puntos)

Indicadores de logro

- B1.1. Recoñecemento das características do xénero e do estilo, identificación da estrutura formal, análise dos diferentes parámetros (harmonías, ritmos, melodías, texturas, timbres e dinámicas) presentes no texto musical proposto polo tribunal (Ata 10 puntos)

##### **PARTE C**

Lectura á vista (5% da nota final). Criterios de avaliación

- C1. Interpretación pública do fragmento proposto polo tribunal amosando o coñecemento e control da práctica da lectura á primeira vista (Ata 10 puntos)

Indicadores de logro

- C1.1. Fidelidade ao texto musical: exactitude na execución das notas, ritmo, tempi, dinámicas, agóxicas, articulación, ornamentación e estilo do fragmento proposto. Adecuación da respiración ao fraseo (Ata 10 puntos)



## **Tribunais que desenvolven as probas no Conservatorio Superior de Vigo**

### **PERCUSIÓN**

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO**

##### **Proba A**

Interpretación das obras amosando o control técnico necesario para unha comunicación da estrutura, ideas e materiais musicais das mesmas con rigor (40%). Con este criterio de avaliación valoraranse os seguintes aspectos:

- Dificultade do repertorio presentado
- Fidelidade ao texto musical: exactitude na execución das notas, ritmo, tempi, dinámicas, agónicas, articulación, ornamentación e planos sonoros.
- Dominio instrumental: control das diferentes técnicas de agarre, limpeza e claridade do son, proxección do son, preparación e elección de timbres e baquetas axeitadas.

Coherencia entre o estilo interpretativo do aspirante e a forma e estética das obras presentadas (40%). Con este criterio de avaliación valoraranse os seguintes aspectos:

- Fidelidade interpretativa acorde ao estilo: control da ornamentación, do rubato, das agónicas e dinámicas, do fraseo e da articulación.
- Fidelidade aos aspectos interpretativos inherentes á forma e estética musical.

Interpretación das obras amosando a capacidade expresiva necesaria para a posta en escena das mesmas (20%). Con este criterio de avaliación valoraranse os seguintes aspectos:

- Adecuación do xesto á interpretación musical e posta en escena axeitada ao contexto artístico e estético da obra.
- Concentración ao longo da proba, control postural e da respiración, xestión da ansiedade escénica e control da memoria (de ser o caso), e a achega persoal ao enriquecemento da interpretación.

##### **Proba B**

Identificación a través da análise dos diferentes elementos e características da obra ou fragmento musical proposto. Con este criterio de avaliación valoraranse os seguintes aspectos:

- Recoñecemento das características do xénero e do estilo, identificación da estrutura formal e a análise dos diferentes parámetros presentes no texto musical proposto (harmonías, ritmos, melodías, texturas, timbres e dinámicas).

##### **Proba C**

Interpretación pública do fragmento proposto polo tribunal amosando control da lectura á primeira vista. Con este criterio de avaliación valoraranse os seguintes aspectos:

- Fidelidade ao texto musical: exactitude na execución das notas, ritmo, tempi, dinámicas, agónicas, articulación, ornamentación e estilo do fragmento proposto.



## **Tribunais que desenvolven as probas no Conservatorio Superior de Vigo**

### **PRODUCCIÓN E XESTIÓN**

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO**

##### **Proba A. Desenvolvemento por escrito dunha proposta de proxecto**

- Rigor na aproximación ao obxecto de estudo dende unha perspectiva científica, performativa, histórica ou pedagóxica.
- Claridade na redacción do texto e planificación da proposta.
- Orixinalidade do obxecto de estudo, coherencia na estruturación do texto e contido.
- Interese dos resultados e/ou conclusións achegadas.

##### **Proba B. Desenvolvemento e posterior defensa oral dun tema vinculado a unha cuestión relacionada coa xestión de políticas culturais do contorno musical.**

- Rigor na aproximación ao obxecto de estudo dende unha perspectiva científica, histórica ou pedagóxica.
- Orixinalidade do obxecto de estudo, coherencia na estruturación do texto e contido.
- Interese dos resultados e/ou conclusións achegadas.
- Claridade na redacción, exposición e defensa do texto, rigor no manexo e uso das fontes bibliográficas.

##### **Proba C. Análise formal e estética dunha obra proposta polo tribunal.**

- Análise formal da obra
- Análise harmónico.
- Análise estilístico.
- Claridade na redacción e interese dos resultados e/ou conclusións achegadas.

##### **Proba D. Interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto).**

- Calidade de son. Utiliza os recursos sonoros do instrumento de forma coherente.
- Técnica, articulación e fraseo. É capaz de aplicar con autonomía a técnica adquirida para resolver pasaxes de dificultade. Domina toda a gama de articulacións con fraseo musical propio de gran riqueza interpretativa e de acordo ao estilo das obras.
- Estilo e musicalidade. A interpretación é sólida, coherente e adecuada en relación ao estilo musical. Logra transmitir emocións e é altamente comunicativo.
- Control escénico. É capaz de controlar a posta na escena e transformala nunha experiencia positiva á hora de interpretala en público.



## **Tribunais que desenvolven as probas no Conservatorio Superior de Vigo**

### **MUSICOLOXÍA (TODOS OS ITINERARIOS)**

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO**

##### **Observacións xerais.**

Os criterios de avaliación detállanse para cada unha das partes da proba (A, B e C) segundo os apartados previstos na normativa de acceso (Orde de 16 de novembro de 2016). Para os criterios de cualificación pátrese do disposto para esta especialidade e itinerarios, na antedita Orde, art. 5.8.a. en relación coa ponderación de cada parte: Especialidade de Musicoloxía:  $(0,30 \times A) + (0,20 \times B) + (0,10 \times C)$ .

Ademais, concrétese o peso de cada criterio de avaliación en relación coa cualificación, segundo a porcentaxe que se indica en cada caso.

Téñase en conta que o peso da proba de acceso terá un peso máximo do 60% na cualificación final para o acceso, e o 40% restante “corresponderá á media do expediente académico do título profesional de Música do/da aspirante”. Consecuentemente, as porcentaxes que seguen están xa expresadas en relación coa puntuación máxima de 6 puntos sobre 10 posibles.

##### **Parte A: análise histórico-estilística e defensa dunha obra ou fragmento por proposta do tribunal. 30%**

- A.1. Contido da análise: (20% do total da proba)
  - Identificación de obra/xénero/autor(a) 5 %
  - Análise formal. 10 %
  - Contextualización histórico-estilística. 5%
- A.2. Presentación e defensa: 10 % (10% do total da proba)
  - Ordeamento e xerarquización da información. 5 %
  - Claridade expositiva, riqueza e dominio da linguaxe 5%

##### **Parte B: realización dun comentario de texto. 20%**

- B.1. Contido do comentario: (15% do total da proba)
  - Identificación do tema do texto e idea ou ideas principais
  - Identificación de ideas secundarias
  - Aclaración de términos ou conceptos específicos
  - Contextualización histórica horizontal (aspectos contemporáneos) e vertical (cuestións antecedentes e consecuentes)

As porcentaxes parciais, de ser o caso, estableceráanse de acordo coa concreción dos textos, ao tratarse de textos diferentes para cada itinerario.

- B.2. Presentación da resposta: (5% do total da proba)
  - Ordeamento e xerarquización da información.
  - Redacción
  - Presentación (escritura e pulcritude)

As porcentaxes parciais, de ser o caso, estableceráanse de acordo coa concreción dos textos, ao tratarse de textos diferentes para cada itinerario.

##### **Parte C: interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), ata quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación presentada previamente polo/a candidato/a. 10%**

- Dominio técnico do instrumento (5% do total da proba)
- Expresividade e interpretación de acordo co estilo da obra (5% do total da proba)